

ASISTENTES:

Presidente:

Dona Milagros María Otero Parga

Vicepresidente:

Don Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Don Javier Enrique Fraga Campo

Polo Consello Consultivo

Dona María José Quintana Acebo

Polo Consello de Contas

Don Manuel José Santana Suárez

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 27 de novembro de 2018, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 20 de novembro de 2018, ten lugar a XXVI sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma se procede de acordo coa seguinte orde do día:

1) Saúda

Unha vez constatado o quorum a Presidenta inicia a sesión dando a benvida aos membros da Comisión.

2) Aprobación, se procede, da acta da sesión de 17 de outubro de . de 2018

Constátase o envío da acta da sesión XXV a todos os asistentes, polo que non se procede á súa lectura e estando conformes todos os presentes, apróbese esta por asentimento.

3) Información sobre o recurso contencioso-administrativo (procedemento ordinario 164/2018), interposto pola Xunta de Galicia contra a Resolución da Comisión da Transparencia do 28 de febreiro de 2018 (RSCTG 47/2017).

Polo Secretario Xeral do Valedor do Pobo se da conta do estado de tramitación do recurso contencioso-administrativo (procedemento ordinario 164/2018) que se está tramitando ante no Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, interposto pola Xunta de Galicia contra a Resolución da Comisión da Transparencia do 28 de febreiro de 2018 (RSCTG 47/2017).

Infórmase que con data do 31 de outubro de 2018, solicitouse ao Xulgado que resolva a inadmisión do mesmo por falta de competencia e que o remita ao órgano competente para resolver.

4) Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

nº RECLAMACIÓN	ESTADO
C/108/18	ESTIMADA
C/109/18	ESTIMADA POR MOTIVOS FORMAIS
C/110/18	INDAMITIDA
C/111/18	ESTIMADA
C/113/18	ARQUIVO POR DESISTENCIA
C/114/18	ESTIMADA

nº RECLAMACIÓN	ESTADO
C/115/18	ESTIMADA
C/117/18	ESTIMACIÓN POR MOTIVOS FORMAIS
C/119/18	INDAMITIDA
C/120/18	INDAMITIDA
C/121/18	ESTIMACIÓN POR MOTIVOS FORMAIS

5) Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase celebrar a seguinte reunión o 18 de decembro de 2018 ás 12.00.

6) Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.


Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13. 35 horas da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

A Presidenta



Milagros María Otero Parga

O secretario



Santiago Gonzalez Serrano